

COMENTARIO DUNHA OBRA DE ARTE

1.- Descrición breve, nunhas poucas liñas. Que é (arquitectura, escultura, pintura); onde está (praza, frontón, museo...); autor; cronoloxía, estilo.

2.- Aspectos materiais e técnicos. De que está feita (mármore, madeira, bronce...); como se elaborou (pintura ao fresco, formiguón, soldadura...), no caso de ser algo novidoso para a época.

3.- Análise formal. Descrición pormenorizada de todos os elementos observados; tamén se poden explicar os que non vemos (por exemplo, o interior dunha obra arquitectónica da que só se presenta a fachada).

En arquitectura: elementos sustentantes, elementos sostidos, elementos ornamentais.

En escultura e pintura: idealismo – realismo, formas esquemáticas – detalladas, composición aberta – pechada – simétrica...

4.- Comentario de todo o anterior. Baseándonos na época e no lugar na que aparece a obra, relacionala coa súa realidade histórica.